

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE **A CONSULTA NUTRICIONISTA**
MARISOL LÓPEZ E ASOCIACIÓN PARA LA LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES
RENALES (ALCER) DE OURENSE.

En Ourense, a 4 de abril de 2018

REUNIDOS

Por unha parte, Dona Marisol López Reyes, maior de idade, provista de Documento Nacional de Identidade número 44480460R, en nome e representación de MARISOL LÓPEZ REYES, domiciliada en Ourense, Rúa Concordia 12, 2D; NIF 44480460R e inscrita no Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia co número GA0075 Intervén na condición de profesional Dietista-Nutricionista.

E por outra parte, Dona María Teresa Pereira González, maior de idade, provista de Documento Nacional de Identidade número 44497078J, en nome e representación da Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense (ALCER Ourense) (a partir de agora "ALCER Ourense") ALCER domiciliada en Ourense, Rúa Recaredo Paz nº 1, Edificio Aixiña, 32005 Ourense; NIF G 32.011.041 e inscrita no Rexistro de Provincial de Asociacións nº 277, Sección primeira e declarada de utilidade pública. Intervén na condición de Presidenta de ALCER Ourense.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente capacidade e lexitimación abondo para subscribir este acordo de colaboración, asegurando cada parte que as facultades con que respectivamente actúan non foron revogadas nin limitadas, e que son bastantes para obrigar ás súas representadas en virtude deste acto, e nesa representación

EXPOÑEN

I.- Que, Marisol López Reyes, é unha Profesional sanitaria que se compromete a atender os socios de ALCER Ourense, prestando os servizos de consulta de nutrición e dietética, de acordo co establecido nas estipulacións do presente convenio así como a aplicar os baremos de precios, recollidos mediante Anexo I a este contrato.

II.- Que ALCER Ourense, está interesada na firma deste convenio ante os efectos positivos que pode ter entre os socios desta asociación.

III.- Que, ambas as dúas partes están interesadas en establecer unha colaboración para que os socios de ALCER Ourense poidan beneficiarse dos descontos e condicións vantaxosas ofrecidos pola Dietista-nutricionista Marisol López Reyes na consulta sanitaria Clínica Aurimed, e por iso, conveñen obrigarse de acordo coas seguintes

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA. - Obxecto do presente acordo

O presente acordo ten por obxecto regular os termos de colaboración entre Consulta Nutricionista Marisol López e ALCER Ourense, colaboración que ten por finalidade ofrecer descontos e condicións vantaxosas nos seus servizos ós asociados de ALCER Ourense.

A colaboración de ALCER Ourense limitarase á difusión do presente acordo entre os socios de Ourense como figura máis abaixo, pero é totalmente allea as relacións entre eses socios, a Consulta Nutricionista Marisol López e os establecementos ou persoas asociadas a este; de forma que ALCER Ourense non terá responsabilidade de ningún tipo en relación coas ditas relacións.

SEGUNDA. – Destinatarios

O acordo vai dirixido aos socios de ALCER Ourense.

TERCEIRA.-Requisitos para acceder aos descontos e condicións vantaxosas

Para acceder aos descontos e condicións vantaxosas ofrecidos por CONSULTA NUTRICIONISTA MARISOL LÓPEZ os socios de ALCER Ourense deberán identificarse por medio dunha confirmación por parte de ALCER Ourense da condición de socio. O establecemento sanitario poderá solicitar a presentación do documento nacional de identidade para a identificador do posuidor do carné.

CUARTA.- Identificación dos establecementos colaboradores

Tanto Consulta nutricionista Marisol López como Alcer Ourense están obrigados a difundir o listado do establecemento colaborador a través das súas páxinas web, redes sociais, tablóns de anuncios e publicacións periódicas nos termos nos que cada entidade considere oportuno.

O dito listado será facilitado por MARISOL LÓPEZ a ALCER Ourense, manifestando que dispón das autorizacións e permisos oportunos aos efectos previstos na vixente normativa sobre protección de datos de carácter personal.

QUINTA.- Descontos e condicións vantaxosas aplicables

O titular da CONSULTA NUTRICIONISTA MARISOL LÓPEZ comunicará o desconto ou vantaxe que aplicará aos clientes que se acollan ós descontos derivados da sinatura do presente Convenio para ALCER Ourense.

SEXTA.-Duración


O presente acordo de colaboración terá unha duración dun ano natural e será tácitamente renovado se ningunha das partes o denuncia con polo menos un mes de antelación.

Non obstante, pactan as Partes que calquera delas poderá deixar sen vixencia e efectividade o presente Acordo previa comunicación feita a outra parte no prazo dun mes.

SÉTIMA.- Miscelánea

1. As Partes expresamente conveñen que o presente acordo non implica nin supón ningunha asociación ou dependencia entre elas, nin outorga a ningunha das Partes facultade algunha para representar ou vencellar á parte contraria fronte a terceiros, polo que ambas Partes serán absolutamente independentes e autónomas, non alcanzándolle ALCER Ourense ningunha responsabilidade, nin siquera subsidiaria, por aquelas obrigas que puidera contraer a Consulta nutricionista Marisol López respecto a terceiros.
2. A Consulta nutricionista Marisol López declara coñecer o contido do Código ético de ALCER Ourense.

En proba de conformidade asíñase o presente acordo, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.



Dña. Marisol LÓPEZ REYES

Dietista-Nutricionista



Dña. María Teresa PEREIRA GONZÁLEZ

ALCER Ourense

ANEXO RELACIÓN DE CONSULTA Y TARIFAS SUJETAS AL PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ALCER OURENSE E CONSULTA DIETISTA-NUTRICIONISTA MARISOL LÓPEZ REYES.

NOMBRE: CLÍNICA AURIMED

DIRECCIÓN: CALLE ALEJANDRO OUTEIRIÑO 7 BAJO. 32003. Ourense

Teléfonos: Fijo 988 686 568

Móvil: 647 577 271

SERVIZOS	TARIFAS (euros) PÚBLICO XERAL	TARIFA SOCIOS ALCER OURENSE
CONSULTA nutrición clínica: Patoloxía renal, hipertensión, hipercolesterolemia, patoloxía intestinal, osteoporosis, anemia, obesidade.	50	40
BONO 5 SESIONES	220	180
TEST DE ALERGIAS ALIMENTARIAS	256	246
CONSULTA A DOMICILIO	60	50